

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER SOBRE OS RÍOS

PLENO 6 SETEMBRO 2012. ACTA 13/2012

ANTECEDENTES.-

Moción do Grupo Municipal de A.E.R. presentada no Rexistro Xeral do Concello, con data 20 de xullo de 2012, que transcrita dí:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos anos e baixo diferentes gobernos municipais asistimos a un permanente deterioro das canles dos nosos ríos, tanto pola ocupación de ribeiras como dun continuo fluír de vertidos contaminantes de diferente orixe. A impasibilidade coa que asistimos a este fenómeno constitúe unha mostra de irresponsabilidade e mesmo de insensibilidade fronte a un ben público que está a ser degradado e usurpado. Dúas veces ao mes contribuímos a inundar o mar de plásticos da feira, día si e outro tamén vemos correr polos ríos vertidos de augas fecais ou doutra procedencia igual de contaminante. É xa unha constante ver manchas de aceites emporcando o río con destino ao mar e todo fronte a unha indiferenza propia dunha sociedade culturalmente subdesenvolvida.

Igualmente podemos comprobar como as ribeiras e canles se transforman en moitos casos en lugares vertedoiro de todo tipo de lixo, amosando unha incultura e falla de responsabilidade social que non pode ser admitida por máis tempo. Ademais de que só por sentido común, responsabilidade social e sensibilidade deberíamos acabar dunha vez por todas con ese deterioro permanente dun dos bens máis prezados e importantes, tanto no presente coma para o futuro; debemos tamén lembrar que existe unha lexislación que nos obriga a actuar e da que mencionaremos a máis elemental:

- Regulamento do Dominio Público Hidráulico que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII y VIII do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.
- DIRECTIVA 2009/90/CE DA COMISIÓN, do 31 de xullo do 2009 (claramente incumplida no noso Concello) pola que se establecen, de conformidade coa Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as especificacións técnicas da análise química e do seguimento do estado das augas.
- DIRECTIVA 2000/60/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, do 23 de outubro do 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

- LEI 5/2006, DO 30 DE XUÑO, para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos.(DOG Nº 137, 17.07.06)

- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Tendo en conta as diferentes normativas nas que se pon en evidencia os obxectivos de conservación, prevención e garantía dos bens hidrográficos, velando pola súa calidade e facendo fincapé na súa importancia ecolóxica e vital, tanto para o ser humano como para os demais seres vivos, **propoñemos os seguintes acordos:**

- 1.- Proceder á identificación dos puntos de vertidos contaminantes así como da súa orixe e iniciar os trámites para o seu arranxo e/ou denuncia perante as autoridades competentes.**
- 2.- Iniciar os trámites administrativos correspondentes para o establecemento e protección da zona de servidume e policía para uso público ao longo de tódalas canles fluviais do concello.**
- 3.- Poñer en marcha dende o Consello Escolar Municipal un Plan de Educación Ambiental que teña como núcleo os nosos ríos: un plan de sensibilización que poña en valor os ríos e que convide a gozar do seu entorno dun xeito responsable e respectuoso.**

VOTACIÓN E ACORDO

O Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/das Sres./as concelleiros/as, sendo vinteún votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do B.N.G. e 1 de A.E.R.), aprobou, nos seus propios termos, a Moción nos antecedentes transcrita.-